

LENDAS

PENA DA ARMADA

Nunha finca de Santiso, indo para Arzúa, ao lado esquerdo, despois da ponte, hai unha pena moi grande e dise que a fixo unha vella que saía por un buraco fiando nunha roca.



LENDA DA CAPELA DE SAN XOÁN

En Pantiñobre (Arzúa) había unha pastora gardando o rabaño de ovellas. Veu unha tronada moi grande que rachaba os carballos. A pastora tivo tanto medo que ofreceu facer nesa carballeira unha capela a San Xoán Bautista, se se salvaban ela mais o rabaño.

A capela fíxose e naceu unha fonte debaixo do altar.

A auga da fonte cura as feridas pola noite de San Xoán.

Patricia Vázquez
Loureiro. S1C.



VAIA TRASNADA

Cando o avó da miña amiga era rapaz, no tempo de verán, el e mais outros rapaces da aldea xuntábanse e ían ao monte aos niños dos paxaros.

Un día el e mais o seu amigo Ramón de Vilela foron ao "Monte do Carpaceiro", e atoparon un niño de pega rabilonga. Escacharon un ovo dos cinco que había e non estaba choco. Colleu Ramón ouro, fíxolle un buratiño e empezou a beber nel. Resultou que ese ovo tiña pito, e cando estaba a tragar nel... o pito piou, e Ramón díxolle: "¡Carallo, piaches tarde!"

POR QUE É SALGADA A AUGA DO MAR

Existiu, antano, un mariñeiro comerciante (coma moitos naqueles tempos) que se dedicaba a facer viaxes na procura de mercadorías coas que poder gañar cartos.

Un día, nunha de esas longas viaxes, atopou unha illa de montañas feitas dunha substancia branca. Colleu unha pouca e vendeuna. A xente deuse conta de que aquela substancia lle daba mellor sabor ás comidas e de que ademais permitía conservar os alimentos durante máis tempo. Como el era o único que coñecía a existencia desa illa, pronto se fixo rico a base de comerciar con esa substancia á que lle chamou Sal. Certo día chegou a unha localidade galega na que coñeceu unha fermosa moza da que de contado se namorou e casou. Ao pouco de casar tivo que partir a unha das súas viaxes e, aproveitando esta situación, un malvado señor que vivía nun castelo raptou á súa dona.

Cando chegou o mariñeiro e se decatou da situación, decidiu volver ao mar, para gañar cartos e construír un exército co que derrotar o señor do castelo. Ao regresar co seu propio exército, atopouse con que o castelo estaba derruído e a súa muller liberada. Resultou que o mar batera con tanta forza que arrasou co malvado señor, co seu castelo e coas súas tropas.

Como agradecemento, o mariñeiro decidiu ir ata a illa do Sal e botalo todo no mar. Dende ese día ata hoxe, a auga do mar volveuse salgada.